

PREGUNTA DE AER SOBRE O CAMIÑO DO GABIÁN

PLENO 30 XULLO 2015. ACTA 14/2015

Sobre camiño do Gabián en Chapela. Despois da visita de Javier Bas aos veciños do Camiño do Gabián e da Subida ao Pé do pandeiro en Chapela antes das eleccións, prometéndolles que se volvía saír reelixido arranxaría as súas demandas (asfaltado, alumeado, vertidos, eliminación de fochancas e colocación de arquetas); e despois de non recibir contestación ás nosas peticións por rexistro, preguntamos:

Que xestións está a facer para cumprir a súa promesa electoral?

O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS di que foi él mesmo o que foi ao camiño porque había unha serie de demandas. Están a mirar o tema.